

CIDADE
DA CULTURA
DE GALICIA

EXPLO
RAR 



▶ EXPOSICIÓNS

MÚSICA

LITERATURA E
PENSAMENTO

EN FAMILIA

TYPEWRITER

A historia escrita á máquina
Colección Sirvent

▶ *Visitas didácticas para escolares* Educación Secundaria

Caderno para estudantes

Contido e deseño didáctico: Paz Gonzalo. Producido por PXC



INDITEX

INVERAVANTE



Fundación Barrié

Banco Gallego



Gampo

GADIS



Asillero
BARRERAS
VINO

Estrella Galicia

R

MONBUS



XUNTA
DE GALICIA

Padroado Fundación Gaiás

Índice	Páxina
Ola!	3
Obxectivos específicos	4
Perdidos no Gaiás. Peter Eisenman. A Cidade	5
Figuras para a Batalla. Miquel Navarro	7
Typewriter. A historia escrita á máquina. Colección Sirvent.	8
Primeiros pasos da máquina de escribir 1867-1900	11
A cousa vai tomando forma, o estándar. 1900-1939	16
Esplendor e declive. 1940-1982	20
Creamos o argumento de unha historia sobre máquinas de escribir	25

Ola!

Benvidos á Cidade da Cultura!

Hoxe coñeceremos a exposición *Typewriter. A historia escrita á máquina*, Colección Sirvent, aloxada no Arquivo da Cidade da Cultura.

Nesta visita a máquina de escribir lévanos a percorrer un anaco de historia, a segunda metade do século XIX e boa parte do XX.

Tamén teremos ocasión de coñecer un pouco a Cidade da Cultura e a instalación escultórica *Figuras para a batalla* (2011) de Miquel Navarro.

Temos preparado un xogo de pistas *Aquí perdeuse unha máquina de escribir*, que nos achegará a acontecementos e personaxes relevantes da época.

Como se notou a Segunda Guerra mundial nas máquinas de escribir? Que máquina empregaron Álvaro Cunqueiro, Bob Dylan, Alfred Hitchcock, Woody Allen ... para crear a súa obra?



Para xogar teredes que darlle un pouco á imaxinación e aos vosos coñecementos.

Obxectivos Específicos

Os obxectivos que podes acadar ao longo da visita son os seguintes:

Conceptuais	<p>Identificar a idea que inspirou o proxecto da Cidade da Cultura para achegarse á comprensión do proceso creativo.</p> <p>Identificar os elementos constitutivos da máquina de escribir.</p> <p>Identificar o proceso de perfeccionamento técnico que atravesou ata o seu momento álxido.</p> <p>Establecer relacións causais entre as máquinas de escribir expostas e o seu momento histórico, social e económico.</p> <p>Establecer relacións entre a máquina de escribir e a creación literaria a través de persoeiros famosos que a empregaron nos seus escritos (escritores, cineastas, cantantes).</p>
Procedimentais	<p>Interpretar de xeito persoal o proxecto da CdC e a obra <i>Figuras para a batalla</i>, de Miquel Navarro como vía para construír o gusto estético e elaborar criterios de interpretación do patrimonio cultural.</p> <p>Formular preguntas que permitan afondar no coñecemento dos obxectos expostos.</p> <p>Percorrer unha exposición de xeito ordenado, empregando os elementos informativos que presenta.</p>
Actitudinais	<p>Valorar as manifestacións artísticas que se expoñen na CdC como parte do patrimonio galego.</p> <p>Respectar as normas de comportamento nunha exposición co fin de preservar as obras expostas e non molestar a outros asistentes.</p> <p>Valorar o feito creativo como un medio de expresión e enriquecemento persoal.</p> <p>Desenvolver o goce estético a través das manifestacións artísticas expostas.</p> <p>Interesarse polas manifestacións artísticas e os espazos que as acollen.</p> <p>Colaborar cos compañeiros/as, compartindo opinións e escoitando as súas propostas, como medio de enriquecemento e construción de contidos .</p>

Perdidos no Gaiás. Peter Eisenman. A Cidade



Perspectiva da Cidade da Cultura

Esta actividade desenvólvese na exposición *Peter Eisenman. A Cidade*, na que se esmiúza en forma de documentos, maquetas e vídeos a construción e desenvolvemento do complexo do Gaiás respondendo a moitas das preguntas que nos xorden ante esta obra.

Antes de entrar na sala da exposición, achegámonos á zona central para ter unha perspectiva máis ampla da Cidade.

A través das maquetas que se expoñen e o material gráfico ides achegarvos ás ideas principais que sustentan o proxecto da CdC.



Peter Eisenman (Newark, Nova Jersey, 1932), o arquitecto que gaña o concurso da Cidade da Cultura

Formade grupos de tres persoas e intentade responder ás cuestións que son formuladas na seguinte táboa.

Registro de observación: Investigamos sobre a CdC	
Que tipo de formas constitúen a Cidade da Cultura?	
Que pode representar a forma da CdC?	
Busca algunha similitude entre a CdC e Santiago de Compostela.	
Que edificios compoñen a CdC?	
Como se chama o arquitecto da CdC?	
Que se pode facer na CdC?	



Conxunto de vinte e catro figuras de aluminio deseñadas especialmente para a Cidade da Cultura .

Figuras para a Batalla. Miquel Navarro

Este xogo ten por obxecto analizar a instalación escultórica *Figuras para a batalla* (2011) de Miquel Navarro.

Imos facer un pequeno remuíño de ideas ao redor da obra.

Situámonos en círculo en torno ás figuras e imos xirando, tamén en círculo, para poder observalas desde diferentes perspectivas.

Que vos fai sentir?

Que pode significar?

Con que está feito?

Que significado achega o material?

Que tipo de formas utiliza Miquel Navarro?

Como son as proporcións das figuras?

Como inflúe o contorno no que se instalan as *Figuras para a batalla* na percepción que temos da obra?



Typewriter. A historia escrita á máquina. Colección Sirvent

Co fin de aproveitar mellor a exposición, presentamos dous elementos que nos axudarán a comprender a colección:

Percorrido: As exposicións seguen unha orde ben maquinada polos seus comisarios. Neste caso o percorrido marcouse con este camiño negro, é o camiño que imos seguir, vains levando desde a máquina máis antiga á máis nova.

Cartela: Son carteliños informativos que nos proporcionan información sobre as obras expostas. Atópanse xunto a cada peza.

Nesta exposición as cartelas recollen os seguintes datos:

NOME DA MÁQUINA MODELO Nº DE SERIE ano / país de produción	Una descripción cos datos máis significativos.
---	--

Despois de situarnos na CdC, imos coñecer a exposición *Typewriter. A historia escrita á máquina*, que constitúe a parte principal da visita.

A visita organízase ao redor dos catro principais módulos da exposición, e en torno a eles recreamos feitos e personaxes que aconteceron nese período de vida da máquina de escribir:

Primeiro andar: Primeiros pasos da máquina de escribir 1867-finais do século XIX

Contedor 2: A cousa vai tomando forma, o estándar. 1900-1939

Contedores 3 e 4: Esplendor e declive. 1940-1982

Asociaremos cada época con imaxes, co fin de axudar os estudantes a contextualizar o momento histórico, diferenciar entre cada época e advertir o paso do tempo.

Aquí perdeuse unha máquina de escribir

A visita desenvólvese en torno a un xogo de investigación ao longo dos catro principais contedores nos que se articula a exposición. A través do xogo axudarédesnos a atopar máquinas perdidas. Contamos con tarxetas de xogo nas que se ilustra algunha característica ou personaxe relevante da época, ofrecendo pistas que lles axuden nas súas pescudas ao longo da visita.

A vosa tarefa

Analizar a colección *Typewriter* á luz das pistas que nos achegan as tarxetas de xogo.

Cada grupo de traballo debe asociar cada unha das tarxetas do xogo con aspectos salientables das máquinas de escribir expostas no contedor de referencia. Poden facer alusión ás características das máquinas en xeral ou

asociar algún modelo determinado coa información proporcionada na tarxeta. O desexable é que asociedes a cada tarxeta polo menos unha observación.

Para conseguilo apoiádevos nos datos que achegan as tarxetas de xogo, na información das cartelas, nas pistas do monitor e, por suposto, nos vossos coñecementos de historia e literatura.

Non esquezades que se trata dun xogo de colaboración. Entre todos tentaremos analizar a colección, as achegas de cada equipo son fundamentais. Ao final encaixaremos unhas con outras para facer unha conclusión de gran grupo máis completa e significativa que a de cada pequeno grupo.

Primeiros pasos da máquina de escribir 1867-finais do século XIX



Cidade do século XIX



Un coche do século XIX

Comeza a viaxe ao pasado, marchamos a mediados do século XIX. Preparados, listos, xa!

Atopámonos en plena revolución industrial... Que sabedes sobre ela?

É un momento de inventos, no que os homes e mulleres tratan de crear máquinas que substitúan o traballo manual.

Na década de 1870 as máquinas aínda se consideraban rarezas caras. A partir de 1880 comezan a aceptarse coma unha ferramenta útil e esencial nos negocios e na administración.

É un momento de progreso e evolución, no que ven a luz moitos inventos. Aparecen moitos modelos, cada fabricante tenta atopar a mellor solución para a escritura mecánica.

Así, durante os séculos dezaioito e dezanove sucedéronse os intentos de fabricar unha máquina que permitise substituír a escritura á man por un método mecánico.

Pero é en 1866 cando o estadounidense Christopher Latham Sholes dá realmente cun prototipo válido, que soluciona o principais problemas con que se atoparon os seus antecesores, ao premer as teclas rapidamente boa parte delas atráncase. Sholes creou o modelo de teclado que coñecemos hoxe, o que utilizamos nos nosos ordenadores, o coñecido como teclado *Qwerty*,

A solución: en vez de dispoñer o alfabeto de maneira correlativa nas teclas, despraza as teclas máis utilizadas cara os laterais, aliviando a actividade das teclas do centro.

A Scholes Guildden convértese na primeira máquina de escribir producida de forma industrial, na fábrica Remington Arms Company, de aquí que tamén se coñeza como Remington 1.


O despegue da industria española iníciase no século XIX, pero a súa consolidación non chega ata mediados do século XX



Esta máquina só escribía en maiúsculas e non se vía o que se escribía, estes son dous problemas que se solucionarán máis tarde.








Christopher Latham
Sholes, da co primer
prototipo válido e
inventa o teclado
QWERTY



Teclado QWERTY

Pezas que destacamos deste período

 <p>SHOLES GLIDDEN 1873 EE.UU</p>	<p>A primeira máquina de escribir producida de forma industrial. Só escribe en maiúsculas. Non se ve o que escribe. Escribían na parte inferior do rolo de papel, para ver o resultado había que levantar o carro. Foi a máquina utilizada por Mark Twain para escribir <i>Life on the Mississippi</i> (1883). As súas dúas obras máis populares son <i>As aventuras de Tom Sawyer</i> (1876) e <i>As aventuras de Huckleberry Finn</i> (1885).</p> <p>Esta máquina foi fabricada por Remington Arms Company, que tamén producía armas e máquinas de coser, de aí o seu aspecto. Tamen se coñeceu como REMINGTON MOD Nº1 e como The Type Writer.</p>
 <p>REMINGTON MOD Nº 2 1879 EE.UU</p>	<p>Inclúe unha tecla para cambiar de maiúsculas a minúsculas e ten un tamaño máis cómodo.</p>
 <p>SMITH PREMIER MOD.Nº 1 1888 EE.UU</p>	<p>Teclado dobre con maiúsculas e minúsculas. Interesante decoración lateral.</p>
 <p>ODELL MOD. nº 1B 1888/ EE.UU</p>	<p>Máquina de escribir portátil con motivos indios.</p>
 <p>NATIONAL 1889 MOD. A 1889 EE.UU</p>	<p>Teclado curvo</p>



1

Revolución Industrial

A economía baseada no traballo manual foi substituída por outra dominada pola industria e a manufactura.

O **maquinismo** é un concepto histórico que fai referencia á introdución masiva de maquinaria para substituír ou reducir o traballo manual.

Que relación gardan as máquinas expostas con este feito?



2

Mark Twain

Escritor estadounidense. Naceu en 1835 (Missouri) e morreu no 1910.

As súas dúas obras máis populares son *As aventuras de Tom Sawyer* (1876) e *As aventuras de Huckleberry Finn* (1885).

Foi o primeiro autor que empregou a máquina de escribir para unha das súas obras *Life on the Mississippi* (1883).

Onde se atopa a súa máquina na exposición?



3

León Tolstoi

Escritor ruso nacido en Yásnaya Poliana en 1828 e finado en 1910. Está considerado como un dos escritores máis importantes da historia da literatura.

Os cosacos (1863), *Guerra e Paz* (1865-1869), *Anna Karénina* (1875-1877).

Outro autor pioneiro no uso das máquinas. Ao redor de 1885 aprendeulle á súa filla a utilizala, sendo esta a encargada de pasarlle a correspondencia e os escritos.

Que máquina pode ser a súa?



4

Emilia Pardo Bazán

A Coruña (1851), cidade que sempre aparece nas súas novelas baixo o nome de "Marineda".

Tanto pola súa ideoloxía como polas súas actitudes ou escritos, está considerada unha precursora da emancipación da muller.

Ramón Gómez de la Serna descríbea ante ese dispositivo moderno que era a máquina de escribir.

Algúns títulos da súa extensa obra: *La Tribuna* (1883), *Los pazos de Ulloa* (1886), *La quimera* (1905), *La sirena negra* (1908).

Que máquina pode ser a súa? Fixádevos na forma do teclado.



5

Álvaro Cunqueiro

Mondoñedo 1911 – 1981

Foi un escritor polifacético; a súa extensa obra literaria abrangue os campos periodístico, poético, narrativo e teatral, así como traballos de tradución. Dentro dunha liña vangardista publicou os poemarios *Mar ao norde* (1932) [Poemas do si e do non](#) (1933) e *Cantiga nova que se chama Riveira* (1933). Novelas relevantes: *Merlín e familia e outras historias*, *As crónicas do sochantre* e *Se o vello Simbad volvese ás illas*. Así mesmo publicou algúns libros de relatos como *Xente de aquí e de acolá* e *Escola de menciñeiros'*...

Olo! Alvaro Cunqueiro NON é desta época, pero usaba unha máquina moi antiga, que debe andar por aquí. Cal podería ser?



Cidade de principio do século XX

A máquina de escribir era do máis moderno a principios do século vinte.

Artistas, cineastas e escritores amosábanse fachendosos daquel aparello que lle outorgaba estatus a quen o posuía.



Un coche dos anos 20

A cousa vai tomando forma, o estándar. 1900-1939

Imos entrar na segunda etapa da máquina de escribir. Estamos a principio de século XX, algunhas destas máquina teñen 100 anos.

Neste período a máquina de escribir atopa un deseño estándar que respectarán todos os fabricantes. A Underwood Nº 1 (1896) e o molde tecnolóxico de todas as máquinas que se fixeron a posteriori.


Outra novidade de principios do século XX son as máquinas portátiles que terán grande éxito. Aparecen as primeiras máquinas semieléctricas, aínda que terán que esperar a mediados de século para consolidarse.

Atopamos máquinas que amosan a bonanza económica americana anterior ao crack do 29: bos deseños e bos materiais.






Atopamos máquinas nas que se reflicte a crise de 1929 e as guerras. Os deseños simplifícanse e os materiais abarátanse.

Funcionamento

Cada unha das teclas estaba unida a un tipo que tiña o seu correspondente carácter en relevo no outro extremo. Cando se premía unha tecla con forza dabondo, o tipo golpeaba unha fita de tea entintada normalmente en negro e vermello que se estendía fronte a un cilindro que suxeitaba o papel. O cilindro movíase cara a adiante e atrás. O papel ía enrolado no cilindro e rotaba ao manexar a panca de retorno do carro que se atopaba no lado esquerdo.



Pezas que salientamos, finais do século XIX 1939

	<p>Daugherty MOD. Visible 1890 EE.UU</p>	<p>Aplica por primeira vez o deseño de impresión frontal, que permitía unha total visibilidade da escritura.</p>
	<p>Underwood MOD nº1 1886 EE.UU</p>	<p>Foi o molde da tecnoloxía de todas as máquinas que se fixeron a posteriori.</p>
	<p>VICTORIA MOD Nº3 1915 España</p>	<p>Primeira máquina Española, ten impresión frontal e era producida en Valencia. A I Gerra Mundial trae un <i>boom</i> económico para o país. A situación de neutralidade permitiu un crecemento considerable da produción e das exportacións de materias primas, carbón y manufacturas. A desaparición da competencia estranxeira dos países belixerantes e a enorme demanda para o abastecemento dos países en conflito explican o auxe económico.</p>
	<p>REMINGTON MOD. 1925 ELECTRIC 1925 EEUU</p>	<p>Inicia a produción de máquinas de escribir eléctricas. Finalmente Remington abandona o seu proxecto de máquina de escribir eléctrica, abríndolle a porta á futura IBM, que sae ao mercado en 1929 coa Electromatic.</p>
	<p>TORPEDO Mod. 14 Gold 1928 Alemaña</p>	<p>Portátil, ten chapadas en ouro case todas as súas pezas.</p>



6

George Orwell

1903-1950. Testemuña da súa época, Orwell é nos anos trinta e corenta cronista, crítico de literatura e novelista.

Foi un escritor e periodista británico, e un dos ensaístas en lingua inglesa máis destacados do século XX, e máis coñecido por dúas novelas críticas co totalitarismo: *Rebelión na granxa*, e *1984*, novela na que crea o concepto de «Gran Irmán» que desde entón pasou á linguaxe común da crítica das técnicas modernas de vixilancia.

Que máquina pode ser a súa?



Pista: portátil 1920



7

Primeira Guerra Mundial 1914-1918

Participaron 32 nacións, involucrando a todas as grandes potencias do mundo, que se aliáron en dous bandos opostos: os Aliados da Triple Entente e as Potencias Centrais da Triple Alianza.

A produción de máquinas de escribir descendeu ata case deterse por completo. Moitas das fábricas foron reconvertidas á produción de munición. América, que entrou na guerra máis tarde, puido seguir exportando durante certo tempo.

A americana Corona foi utilizada polo exército británico. Que modelo pode ser?



8



Fernando Pessoa



(Lisboa, 1888-1935) é un dos maiores poetas e escritores da lingua portuguesa e da literatura europea.

É un dos introdutores dos movementos de vangarda no seu país, xunto con Sá Carneiro.

Que máquina pode ser a súa?

Pista: é unha máquina de 1914.

9



Despois de moitos intentos chégase a un modelo estándar, que se vai respectar por todos os fabricantes.

A Underwood Nº 1 convértese no modelo a seguir.

Intenta atopala...

Que partes identificas nesta máquina?

Esplendor e declive. 1940-1982



Cidade dos anos 50



Cidade 1970

Imos entrar na terceira etapa da máquina de escribir, a mediados do século XX.

Temos máquinas da época da Segunda Guerra Mundial, e da posguerra española, máquinas para escribir códigos encriptados, máquinas co símbolo das SS nos teclados, máquinas con teclado ruso o máquinas Index para escribir en xaponés. As últimas que veremos son dos primeiros anos da democracia. Amosamos imaxes alusivas da época.

Nos anos 40 e 50 a máquina de escribir crea novos oficios, as mecanógrafas, e configura novos espazos e ambientes de traballo. O cine reflicte este novo escenario, así, as máquinas ofrecen novas tramas para películas e novelas.

O deseño esténdese ás máquinas de escribir e aos carteis publicitarios. A máquina xa ten chegado á clase media e está totalmente inserida na administración e na industria.

As máquinas seguen evolucionando, chegan as máquinas totalmente eléctricas e despois as máquinas electrónicas con memoria de texto e pantalla.










Un coche dos anos 50



Un coche dos anos 70

Pezas que resaltamos neste período

	<p>MAJUGUIN MOD. PORTABLE 1940 España</p>	<p>Toda a súa estrutura é de madeira pintada a excepción das pancas pulsadoras, barra portatipos e o carro.</p>
	<p>OLYMPIA MOD. ROBUST 1941 Alemaña</p>	<p>Fabricada na época da Segunda Guerra Mundial, este modelo foi fabricado principalmente para o exército alemán. Incorpora en moitas das máquinas a SS no teclado.</p>
	<p>HAGELIN.CRYPTS MOD. CX-52 1952 Suecia-Suíza</p>	<p>Máquina para escribir textos cifrados usada polos exércitos e oficinas diplomáticas.</p>
	<p>R.C.ALLEN MOD. USICWRITER 1954 EE.UU</p>	<p>Servía para escribir partituras musicais.</p>
	<p>TOSHIBA MOD. 1400-H 1954 Xapón</p>	<p>Thoshiba fabricou máquinas desde 1940. Este modelo tipo index conta cun cilindro frontal onde se aloxan os caracteres (1172). Para escribir en xaponés.</p>

	<p>ROYAL MOD.QUIET DE LUXE GOLD 1955 EEUU</p>	<p>Edición limitada en negro e ouro. Unha delas foi propiedade de Ian Fleming (creador do personaxe do axente 007)</p>
	<p>BROTHER MOD CE- 70 1982 Xapón</p>	<p>Máquina electrónica e compacta, inclúe pantalla e memoria de texto.</p>



10

Segunda Guerra Mundial 1939-1945, superou claramente a Primeira, tanto pola súa duración como pola intensidade dos combates. Loitouse en case todos os continentes e océanos.

As consecuencias afectaron á economía, a política, a sociedade, demografía, cultura.

A fabricación de máquinas de escribir viuse moi afectada. Para poder subministrar aos seus exércitos, o goberno americano comprou as máquinas de escribir que tiñan os usuarios, e o goberno británico prohibiu comprar ou vender máquinas de escribir sen licenza, para controlar así o subministro e garantir a gran demanda dos servizos de loita.

Neste contedor temos unha máquina fabricada especialmente para o exercito alemán, en moitas máquinas incorpora o símbolo das SS no seu teclado. Intenta dar con ela!

Hai outra para escribir códigos encriptados, cal é?



11

Postguerra española

1936-1959

A guerra civil tivo un efecto demoledor na vida española.

A economía derrubouse, a industria, o comercio e agricultura colapsaron, quedaron destruídos edificios e vivendas.

Aumentou a mortalidade, moitas persoas víronse obrigadas a emigrar, descendeu a natalidade e as condicións da poboación foron moi precarias.

A MAJUGIN MOD. PORTABLE 1940/España, e unha peza da exposición, A ver se a atopas, cóntanos algo daquela época?



11

Leonard Cohen

Naceu en Montreal, Canadá, en 1934, aínda que descende de familia xudía. Antes que músico, Leonard Cohen foi poeta e escritor, tendo unha grande importancia na súa vida persoal e artística a obra de Federico García Lorca.

A súa carreira musical comeza coa década dos sesenta, cando, acompañado da súa guitarra, comeza a describir os sentimentos humanos, grazas ás súas letras e á súa característica voz ronca. O seu primeiro éxito chegou da man do tema "Suzanne", interpretado pola voz de Judy Collins.

Olivetti Lettera verde Oliva, Ollo! Na exposición pode estar en papel



12

Ian Fleming

1908-1964

Novelista inglés, creador do heroe de ficción [James Bond](#). O axente 007.

Escribiu doce novelas e nove contos do axente 007.

Outras obras: *The Diamond Smugglers* (1957), *Thrilling Cities* (1963).

Pista: é de 1955 e ten acabado en ouro e negro.



13

Bob Dylan

Minnesota, EE.UU. 1941

É un músico, cantante e poeta estadounidense. Foi, durante cinco décadas, unha das maiores figuras na música popular, sendo considerado un dos compositores e músicos máis influentes e prolíficos do século XX.

Moitos dos máis célebres traballos de Dylan datan da década de 1960,

Pista: é unha Royal de 1955



14

Woody Allen

Brooklyn, Nova York, 1935

Director, guionista, actor, músico e escritor xudeu estadounidense, gañador de tres *Oscars*. É un dos directores máis respectados, influentes e prolíficos da era moderna, rodando unha película ao ano desde 1969.

Allen dirixiu, escribiu e protagonizou [Annie Hall](#), película considerada por moitos como unha das mellores comedias da historia do cine Gañadora do *Oscar* á Mellor Película en 1977.

Pista: é de 1959, a temos exposta e de cor crema con partes chapadas en ouro.

Creamos o argumento dunha historia sobre máquinas de escribir

Imaxina unha historia que teña unha máquina de escribir como protagonista:

- Buscamos un título para a historia.
- Describimos a protagonista: de que época e, como ten o teclado, de que cor e...
- En donde vive, a que se adica (escribe libros, cartas de amor, traballa para un axente segredo...)
- Con quen lle gusta estar.
- Que lle gusta, que lle disgusta, ten algún medo?
- Que lle aconteceu aquel día gris de choiva... o cal era o seu plan...
- Como se resolveu a cousa?